

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA
CORPORACION O DÍA 5/06/2017, EN PRIMEIRA
CONVOCATORIA.**

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 2º.- Mocións de grupos políticos.-
- 3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar de Fisterra.-
- 4º.- Aprobación Proxecto da Obra " Saneamento e Pavimentación de Vilar - Fisterra " Subvencionada pola Excma Diputación provincial.--
- 5º.- Aprobación, se procede, do Convenio a formalizar coa Confradía de Pescadores de Fisterra para promoción do Turismo Marítimo-Pesqueiro.-
- 6º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía para coñecemento.-
- 7º.- Rogos e Preguntas.--

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:15 horas, do día 5/06/2017, reúnense no salón de sesións da casa do concello baixo a Presidencia de o Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

Sometida a votación do día 11/04/2017 é aprobada por unanimidade de todos os asistentes coas seguintes observacións:

Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega

Na miña intervención dentro da Moción sobre a Rúa Manuel Lago Pais, na redacción ó falar da Técnica, **non me refiro á traballadora do Concello senon o procedemento empregado e seguido na votación ”**

Sr. Alcalde

No punto de rogos e preguntas a miña contestación é referida ás terrazas foi a seguinte:

Desde o Concello entendemos que non existe ningún problema. Os interesados presentaron as súas solicitudes, pagaron as súas taxas, a técnica de urbanismo considera que cumpren coa normativa e están pendentes de informe de Patrimonio ao atoparse no trazado do Camiño.

En principio pensouse que non necesitarían este informe ao tratarse de mobiliario, pero consultada esta administración confirmáronnos esta necesidade, ben é certo que ese informe trataría solamente cuestión estéticas.

Este Organismo soe tardar sobre Tres meses en informar, polo que nos aconsellaron que mandásemos todas as solicitudes xuntas para poder axilizar o procedemento.

Tamén nos informaron que este requisito solamente é necesario a primeira vez, e que en anos posteriores solamente sería necesario comunicálo.-“

2º.- Mocións de grupos políticos.-

Dáse conta da Moción formulada polos grupos políticos PSdG-PSOE e BNG para a declaración institucional co seguinte contido :

Exposición e Motivos

O pasado día 11 de maio a empresa Ferroglobe solicitou ante a Xunta de Galiza a segregación das actividades de aproveitamento hidráulico para a produción de enerxía eléctrica das centrais dos ríos Xallas e Grande das actividades de produción de ferroaleaxes.

O pleno corporativo do Concello de Fisterra quere amosar o seu rexeitamento de esta segregación e solicitar a non autorización da mesma por parte da autoridade competente.

Así mesmo quere salientar a terxiversación que fai a empresa da historia que vincula as dúas actividades posicionándoa no ano 1992 cando a empresa Ferroatlántica pertencente ao Grupo Villar Mir intentou esta mesma operación que posteriormente litigou dando lugar a sendas sentenzas do Tribunal Superior de xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo nas que ratifican a vinculación das actividades, pois a concesión dos aproveitamentos hidráulicos vinculouse sempre á produción de ferroalixes.

Que a segregación das dúas actividades e, a pesar de todo o manifestado pola empresa Ferroglobe para intentar conquistar o apoio sociopolítico ás súas pretensións, suporía a desaparición do tecido productivo máis importante de carácter industrial vinculado ao noso territorio.

Polo exposto, esta Corporación:

PRIMEIRO: Amosa o rexeitamento á segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica das centráis dos ríos Xallas e Grande das actividades de produción de ferroalixes e solicita a non autorización da mesma por parte da autoridade competente.

SEGUNDO: Solicitar como parte implicada e interesada, toda a documentación que presentou Ferroatlántica na Xunta de Galiza.

TERCEIRO: Dar traslado de este acordó ó Presidente da Xunta de Galiza e ó Conselleiro de Industria.

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

Sobre este tema tivemos o luns unha reunión co Presidente da Xunta de Galicia e despois de dúas horas se nos manifestou que o asunto estaba pendente dun informe xurídico.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Considerando que é un tema de interese especial, votaremos a favor.

Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega

Trátase dun asunto de moita importancia e temos que opoñernos inda que o informe non sexa favorable, debemos polo tanto manter unha postura política clara e forte diga o que diga ese Informe, non podemos condicionar o tema ao informe que poida deste asunto, depende toda unha Comarca.-

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Dicir que non é necesario pedir o informe a que se fai referencia ante a existencia dunha Sentenza anterior, o tema como queda aclarado no contido da Moción é de gran importancia para a Comarca, polo que aproveito a ocasión para recordar que o día 8/07/2017 vaise celebrar unha manifestación sobre este asunto en Santiago de Compostela en apoio a esta xente afectada.

Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobala na súa totalidade.-

B) MOCIÓN GRUPOS POLITICOS PSdG-PSOE E BNG SOBRE O POSIBLE DESGUACE E RETIRADA DOS RESTOS DO BUQUE CASÓN, AFUNDIDO NAS NOSAS COSTAS.-

Dada conta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a noticia aparecida nos medios de comunicación, da futura retirada do fondo do mar, dos restos do buque “Casón”, afundido nas nosas costas no ano 1987, deberíamos, polo menos, facer as seguintes reflexións:

- Non parece correcto que, ante tal pretensión, non se tivera para nada en conta o parecer do pobo de Fisterra. Pensamos que polo menos deberíamos ter a posibilidade de poder facer, a ese proxecto, as alegacións que considerásemos oportunas.

Non creemos que faga falla recordar, que fomos os veciños deste pobo, os que sufrimos directamente as consecuencias daquel tráxico suceso, os que tivemos que deixar atrás as nosas casas e bens por uns días, e exiliarnos onde poidemos ata poder regresar. Pensamos pois, que non é moito pedir que se nos teña en consideración neste procedemento.

Os restos do Casón forman parte do noso patrimonio histórico sumerxido. Patrimonio que está formado por un grande número de pecios de case todas as épocas, cada un deles coa súa historia. O Casón coa súa historia, ten un lugar destacado neste museo sumerxido.

E un deber inexcusable para este Concello, traballar pola conservación do noso patrimonio sumerxido, poñelo en valor e mostrarllo a todo aquel que nos visite.

O turismo subacuático é unha actividade que se está a desenvolver no noso mar, sendo unha actividade con gran futuro. A inmersión aos restos do Casón é unha das salidas máis típicas deste tipo de actividade.

Os restos do Casón non deixan de ser, a día de hoxe, un biotopo máis coma tantos que xeneran vida submariña o seu redor. A súa retirada debería ir acompañada, entre outras cousas, dun informe de impacto ambiental, que non sabemos si existe ou non.

Entendemos que se nos podería proporcionar unha copia do expediente administrativo, e así o solicitamos.

Non alcanzamos a ver nin unha soa razón de xeito para retirar os restos do Casón, sin embargo, expoñemos nos párrafos anteriores, razóns máis que dabondo, para deixalos onde están.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo de Goberno Municipal propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Manifestar á administración que corresponda, o rexeitamento desta Corporación á retirada dos restos do "Casón", do fondo da nosa costa.
- 2.- Solicitar ao organismo correspondente, a inmediata paralización deste procedemento.
- 3.- Enviar este acordo ao Ilmo. Sr. Comandante do Mando das Forzas Armadas de Acción Marítima de Ferrol (MARFER, ARSENAL MILITAR, FERROL), ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Estado Español, para a toma en consideración do mesmo e, co fin de evitar o que entendemos podería ser un erro histórico.

Sr. Alcalde

Dicir que desde o meu punto de vista, non procede que se retiren os restos do buque Casón das nosas costas polas razóns expostas no contido da Moción.

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Consideramos que para nós non ten sentido retiralos, porque a súa existencia non repercute na navegación marítima.-

Sr. Xan Carlos Sar Oliveira do grupo BNG

Está claro que nos encontramos ante uns intereses especulativos por parte dunha empresa e polo tanto hai que opoñerse ao seu retiro, polo que estou totalmente de acordo co contido da Moción.

Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.-

3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar de Fisterra.-

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :

1. Aprobar provisionalmente a **ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FISTERRA** co seguinte contido :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se

regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, ***dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente***, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Fisterra, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade

reglamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Fisterra.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Fisterra.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

Retardar ou evitar a institucionalización.

Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:

Asistencia para levantarse e deitarse.

Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.

Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria:

Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia , tales como:

Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

Preparación dos alimentos.

Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.

Apoio á unidade familiar.

Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

Adaptacións funcionais do fogar.

Servizo de podoloxía.

Servizo de fisioterapia.

Terapia ocupacional.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A coñeceren a situación do seu expediente.

A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

A renuncia da persoa usuaria.

O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

Falecemento da persoa usuaria.

Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

A falta reiterada de pagamento do servizo.

Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Fisterra ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa

200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión das titulacións que estableza a normativa autonómica vixente en cada momento.

O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

O Concello de Fisterra, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo V desta ordenanza.

Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Fisterra e a persoa usuaria, segundo o Anexo VII desta ordenanza.

Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto

15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Fisterra, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

Presentación da solicitude, segundo o anexo II desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.

Certificado de convivencia.

Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.

Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.

Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.

Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan

Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo IV.

O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo VII desta ordenanza.

Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as

persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo VII desta ordenanza.

O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo V desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun

Quedando enterado das condicións da prestación así como dos meus dereitos e obrigacións, según o disposto na Normativa que regula este servizo AUTORIZO O ACCESO A MIÑA VIVENDA do persoal profesional asignado para levar a cabo o servizo de axuda no fogar concedido e DECLARO A MIÑA a ACEPTACIÓN ≤ RENUNCIA Ó MESMO

Formulado y firmado por don/dona, con D.N.I. n.º:, domiciliado/@ en e n.º de teléfono:, ca única relación de parentesco co solicitante ou beneficiario/@ é:, que non teño relación de parentesco pero é o meu veciño, amigo, compañeiro.

- Que me comprometo a atender a don/ña

..... Solicitante ou beneficiario/@ do servizo de axuda no fogar, a buscar axuda para as outras actividades que sendo necesarias para o beneficiario/@ non poden ser cubertas polo servizo de axuda no fogar por as súas limitacións horarias, das tarefas, ou por a situación de agravamento na saúde do beneficiario/@.

- Que me comprometo a axudalo no que necesite os fins de seman ou fora das horas do servizo de axuda no fogar.

O BENEFICIARIO/@ REPRESENTANTE LEGAL

ASDO. ASDO.

ANEXO VIII

SOLICITUDE DE DOMICILIACION BANCARIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

A favor de:

En concepto de:

Datos da persoa beneficiaria

N.I.F.	NOME E APELIDOS
--------	-----------------

Entidade bancaria

Oficina

ACTIVIDADES DIARIAS

≤ **A. Domésticas** ≤ **A. Personais** ≤ **Externas** ≤ **Outras**

Limpeza fogar ≤ Levantarse/deitarse ≤ Xestións ≤ Alivio familiar ≤

Lavado roupa ≤ Vestirse/espirse ≤ Médico ≤ psico-social ≤

Planchado e cosido ≤ Aseo persoal ≤ Recetas ≤ Socio-educat. ≤

Elaboración comida ≤ Baño/ducha ≤ Fogar/club ≤ Apoio relac.fami ≤

Compras ≤ Atención encamado ≤ Paseos ≤

Comer/beber ≤

Moverse na cama ≤

Control medicación ≤

Control alimentación ≤

ANEXO X

COMUNICACION Ó SOLICITANTE DE SAF

D./Dna. _____

Estudiada a súa solicitude da prestación do Servicio de Axuda no Fogar, o Concello de Fisterra, resolve:

CONCEDERLLE ≤

CONCEDERLLE PROVISIONALMENTE ≤

DENEGARLLE ≤

INCLUILO NA LISTA DE RESERVA ≤

SUSPENSIÓN PROVISIONAL ≤

EXTINCIÓN ≤

MODIFICACION ≤

REANUDACIÓN ≤

esta prestación polos seguintes motivos: _____

Previo a ser efectiva tal prestación, o solicitante deberá poñerse en contacto cos Servicios Sociais do Concello.

O que se comunica para o seu coñecemento.

Fisterra, ____ de _____ de 20____.-

O ALCALDE-PRESIDENTE

**ANEXO XI
SEGUIMIENTO DO SAD**

1.-Datos de identificación do expediente

Expediente ⁵	Intervención n. ⁶	Data de solicitude	Data de Inicio
Sector de referencia ⁷	Ámbito de Atención ³	N.º Total de Usuarios	
Nome e apelidos	Data nacemento	de DNI	Sexo Estado civil

2.-Tipo de seguimento

3.-Valoración do servizo de axuda a domicilio prestado

Informacións emitidas polo persoal de Atención
Actitude de/dos usuarios
Observacións nas execucións da axuda no fogar

4.-Proposta de modificación do servizo a prestar

Cambio no servizo	Si	
	Non	
Tipo de cambio	Causas	Proposta
Poxecto novo	Si	
Non		
Proposta do SAD		

	1.–Continuidade	
	2.–Suspensión	
	3.–Motivo da baixa	
Data do proximo seguimento		

2. Expoñer ao público o expediente a efectos de posibles reclamacións durante o prazo de Trinta días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, que no caso de non presentarse entenderase definitivamente aprobada.

3. Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de todas e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

4º.- Aprobación Proxecto da Obra " Saneamento e Pavimentación de Vilar - Fisterra " Subvencionada pola Excma Diputación provincial.—

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda :

1.- Aprobar o Proxecto da obra denominada “ Saneamento e Pavimentación de Vilar - Fisterra “ cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Cento vinte mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (120.052,24 €) 0 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactado polo Arquitecto Manuel Carro López que consta no expediente.-

2.- Solicitar da Excma Diputación Provincial unha subvencion polo importe de Noventa e seis mil euros (96.000,00 €) para financiar a citada Obra.-

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Compromiso firme desta Corporación para financiar a Aportación Municipal por un importe de Vinte e catro mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (24.052,24 €) con cargo o Presuposto ordinario do ano 2017.-

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución da obra referida que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento a executar.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5º.- Aprobación, se procede, do Convenio a formalizar coa Confraría de Pescadores de Fisterra para promoción do Turismo Marítimo-Pesqueiro.-

Dada conta do Convenio de Colaboración a formalizar coa Confraría de Pescadores para a promoción do Turismo Marítimo-Pesqueiro coa seguinte :

EXPOSICION

I.- A actividade pesqueira ten sido, historicamente, un elemento clave no desenvolvemento das zonas costeiras, aportando importantes valores culturais, económicos, medioambientais e sociais. Nas últimas décadas, o cambio do modelo económico ten provocado que actividades tradicionais, como a pesca artesanal, teñan diminuído considerablemente. Neste contexto, as iniciativas turísticas vinculadas directamente coa actividade pesqueira eríxense como importantes alternativas de diversificación para as zonas costeiras.

II.- O denominado turismo pesqueiro e/ou mariñeiro tense constituído nun sector en auxe na nosa Comunidade Autónoma, que conta cun patrimonio natural, cultural e gastronómico de gran valor e atractivo. O seu aproveitamento para convertelo nun produto turístico de calidade, é un reto de proxección nacional e internacional cada vez máis valorado polos diferentes colectivos profesionais e pola poboación en xeral.

III.- As iniciativas e actividades orientadas á promoción do turismo pesqueiro mariñeiro contan cun enorme potencial de crecemento e xeran novas vías de ingresos que poderían derivar nun emprego estable e complementario da actividade extractiva e, en consecuencia, aportarían un maior dinamismo das zonas costeiras.

A implementación de accións e actividades en torno a este sector suporía a revalorización dos recursos pesqueiros e a dignificación do traballo no mar, difundindo as tradicións e oficios que lle son propios.

IV.- En atención ás razóns anteriores, a lonxa de Fisterra foi deseñada e construída como “lonxa turística”, polo cal dispón dun itinerario de visitas, que permite que os visitantes poidan asistir á poxa do peixe, sin interferir para nada coa actividade dos profesionais que alí traballan. A entrada deste itinerario é exclusiva para visitantes, e está alonxada dos accesos usados polos mariñeiros, compradores e demais traballadores da lonxa.

V.- A actividade de visitas, contemplada na documentación contractual que rexe a concesión demanial (constituíndo, en consecuencia, unha actividade autorizada e perfectamente regulada), veu sendo desenvolvida pola propia Confraría de Pescadores quen, por motivos económicos, tivo que deixar de ofertar.

VI.- Nos termos do previsto no artigo 25 e demais concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, son competencias dos concellos galegos entre outras, a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Ambas partes asinantes coinciden na conveniencia e necesidade de xuntar esforzos para reabrir o itinerario turístico da lonxa e volver a poñer en marcha as visitas guiadas, para que ese espazo recupere a función para a cal foi pensado. Aproveitar ao máximo as súas posibilidades para que os visitantes poidan asistir á poxa, desfrutar dunha visita guiada chea de contidos mariñeiros e recibir información turística xeral, todo elo coa finalidade de dinamizar o turismo pesqueiro e mariñeiro no Concello de Fisterra e, para tal efecto, acordan a subscripción do presente Convenio de Colaboración de acordo ás seguintes

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aproba-lo Convenio de Colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto do presente Convenio, a colaboración entre o Concello de Fisterra e a Confraría de Pescadores de Fisterra para a promoción dos produtos pesqueiros que se ofrecen na Lonxa de Fisterra, así como na realización de accións conxuntas que xeren produtos turísticos complementarios no Concello de Fisterra.

SEGUNDA.- O Concello de Fisterra, en virtude do presente Convenio de Colaboración, obrígase á realización das seguintes actividades:

A realizar as actuacións de promoción dos produtos pesqueiros en colaboración coa Confraría de Pescadores de Fisterra. Neste eido, o Concello de Fisterra prestará apoio institucional e de asesoramento á Confraría de pescadores no que atinxe á realización de accións de promoción da súa actividade.

A colaborar coa Confraría de pescadores de Fisterra na xestión das visitas guiadas dos particulares interesados en coñecer o funcionamento da lonxa de Fisterra, todo elo como medida divulgativa da actividade pesqueira e da lonxa de Fisterra.

A colaborar coa Confraría de pescadores de Fisterra na organización de eventos para a promoción dos produtos pesqueiros do litoral, tales como xornadas gastronómicas e/ou outras.

A colaborar economicamente na realización das actividades derivadas da sinatura do presente Convenio de Colaboración.

TERCEIRA.- A Confraría de Pescadores de Fisterra, en virtude do presente Convenio de Colaboración, obrígase á realización das seguintes actividades:

A colaborar co Concello de Fisterra na xestión das visitas guiadas dos particulares interesados en coñecer o funcionamento da lonxa de Fisterra, todo elo como medida divulgativa da actividade pesqueira e da lonxa de Fisterra. A tal efecto, a Confraría de Pescadores obrígase a adoptar as medidas e procedementos que, no seu caso, resulten necesarios para posibilitar a utilización, polo persoal do Concello, do espazo reservado a visitantes da lonxa de Fisterra, coa fin de dar cumprimento ás actuacións previstas no presente Convenio.

A colaborar co Concello de Fisterra no desenvolvemento e implementación de estratexias que redunden nunha maior relación entra a Confraría de Pescadores e o resto de axentes que interveñen no sector turístico; así:

- a) Prestar unha labor de asesoramento puntual ao sector hostaleiro en campañas gastronómicas de promoción dos produtos pesqueiros.
- b) Facilitar o acceso á zona turística da lonxa e á subasta a turistas e grupos para a súa promoción turística, colaborando activamente co Concello de Fisterra no desenvolvemento da visitas organizadas que se realicen.
- c) Colaborar no desenvolvemento daquelas actividades que o Concello de Fisterra poida organizar e que estean directamente relacionadas cos obxectivos do presente Convenio.

A facer constar en todas as accións promocionais que se desenvolvan pola Confraría de Pescadores, a colaboración prestada a tales efectos polo Concello de Fisterra.

CUARTA.- O apoio económico ao que se refire a cláusula segunda do presente Convenio de Colaboración circunscribírase aos seguintes gastos:

Os derivados do persoal que teña contratado o concello e que asumirá as tarefas de información turística, visitas guiadas á lonxa de peixe e demais labores de asesoramento en materia turística. En todos estes casos, o Concello de Fisterra procederá á selección daquelas persoas e/ou empresas que vaian realizar a prestación de servizos, seguindo, en todo caso, os procedementos

legal e regulamentariamente establecidos para a contratación administrativa e/ou selección de persoal. Os derivados da dotación do material necesario para levar a cabo a axeitada atención aos visitantes.

QUINTA.- Os gastos referenciados na cláusula precedente, serán financiados con cargo ás partidas do presuposto ordinario vixente do Concello de Fisterra. A tal efecto, o Concello de Fisterra asumirá as obrigas derivadas do presente Convenio coa aportación dunha cantidade máxima anual de Dous mil euros (2.000,00 €) para actividades que serán imputados no ano 2017 á aplicación orzamentaria 226.09 así como os salarios e cotas Seguridade Social do persoal afecto o Departamento de Turismo c on cargo o vixente orzamento do Concello de Fisterra, comprometéndose este a efectuar unha aportación de igual contía nas sucesivas anualidades comprendidas na vixencia do presente Convenio.

SEXTA.- Para a coordinación e seguimento das accións previstas no presente convenio de colaboración, crearase unha Comisión mixta e paritaria na que estarán representadas cada unha das partes asinantes.

Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para a coordinación, o seguimento e a avaliación das accións estipuladas no presente convenio.

SÉTIMA.- O presente convenio de colaboración estenderá a súa vixencia dende o día da súa formalización ata o 31 de Decembro do ano 2017, e prorrogarse automaticamente por períodos dun ano, de non ser denunciado por calquera das partes asinantes cunha antelación mínima de 30 días á data de finalización. As prórrogas anuais así acordadas non poderán superar os catro anos de duración, nos termos do establecido no artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Son causas de resolución do presente convenio, o incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, o transcurso do prazo de vixencia sen que se teña acordado a prórroga do mesmo e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

NOVENA.- O presente convenio terá carácter administrativo, séndolle de aplicación a exclusión recollida no artigo 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e rexerase, nos seus efectos, polo establecido nas súas cláusulas e, no non previsto nestas, así como para a resolución das dúbidas que se puideran presentar, polos principios do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2.- Dése traslado deste acordo a citada Confradía de Pescadores para o seu coñecemento e demais efectos.-

3. Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para a sinatura de todos os e cantos documentos sexan necesarios para execución deste acordo.

6º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía para coñecemento.-

Dase conta das seguinte :

- Altas, Baixas e Cambios de domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

- Aprobar a lista provisional de admitidos/as con destino a contratación laboral temporal dun Axente TIC.

Casais Caamaño, Ana Maria
Abelleira Lence Susana M^a
Liñeiro Dominguez, Ivan
Cives Picallo, Alberto
López Gil, M^a Alicia
Liñeiro Dominguez, M^a Isabel

- Autorización de celebración de festexos en honor ao Santo Cristo os días 15, 16 e 17/04/2017 na zona portuaria da vila.

- Aprobación de proxecto modificado denominado “Reforma do Parque infantil de San Roque - Fisterra” cun presuposto de 64.836,26 €.

- Contratación con carácter eventual a Pedro Santiago Díaz Domínguez durante os período comprendido entre o día 13 ao 17 de abril de 2017.

- Contratación con carácter eventual a Ramón Liñeiro Santamaría durante o período comprendido entre o 13 ao 17 de abril de 2017.

- Concesión de días por falecemento de parente de 1º grao de afinidade en favor de Amable Canosa Martínez os días 18, 19, 20, 21 e 24 de abril de 2017.
- Concesión de días particulares en favor de María José Traba Traba os días 28 de abril e 2 de maio de 2017.
- Cancelación de Aval Bancario por importe de 1.020,26 € por parte da empresa Construcións D. Ogando pola obra de mellora e saneamento na Rúa Mixirica.
- Decreto de resolución de recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- Aprobación de bases para a contratación de persoal laboral temporal dentro do programa de integración laboral da deputación provincial da Coruña 2017.
- Aprobación de bases para a contratación de persoal laboral temporal dentro do programa de integración laboral da Deputación Provincial da Coruña.
- Concesión de permiso a Manuel Lagoa López os día 24, 25, 26 e 27 de abril de 2017 por hospitalización de familiar en primeiro grao de consanguinidade.
- Adxudicación mediante contrato menor da obra “Reparación de tramo de rede de saneamento unitaria na rúa Real da vila de Fisterra” en favor da empresa Búa Construcciones y Servicios S.L por importe de 7.460,00 € e IVE de 1.566,60 €.
- Aprobación da lista definitiva de admitidos/as para a contratación laboral temporal dun Axente TIC.

Casais Caamaño, Ana Maria
Abelleira Lence Susana M^a
Liñeiro Dominguez, Ivan
Cives Picallo, Alberto
López Gil, M^a Alicia
Liñeiro Dominguez, M^a Isabel

- Concesión de permiso os días 26, 27, 28 de abril e 2 e 3 de maio de 2017 por hospitalización de familiar de primeiro grao de afinidade.
- Concesión de permiso os días 28 de abril e 5 e 12 de maio de 2017 en favor de Oscar Liñeiro Iglesias.
- Concesión de vacacións en favor de M^a Loreto Marcote Lago os días 2 ao 9 de maio, 14 ao 25 de agosto, 20 ao 29 de decembro.

- Concesión de axuda económica por importe de 300,00 € en favor de V. M. A. M. por ser persoa carente de recursos.

- Contratación con carácter eventual de Pamela Caamaño Carril desde o día 3 de maio ata a alta da traballadora substituída.

- Concesión de vacacións en favor de M^a Begoña Valdomar Insua durante o período comprendido entre o 8 ao 12 de maio de 2017.

- Autorización en favor de Juan Bautista Louzán Lago para celebración da Festa da Amizade en Sardiñeiro o día 6 de maio de 2017.

- Aprobación da lista provisional de admitidos/as para contratación de operarios de servizos múltiples coa categoría de oficiais de 2^a.

Canosa Lires, Manuel Angel
Díaz Dominguez, Pedro Santiago
Insua Insua, Gonzalo
Riveiro Dominguez, Rafael

- Aprobación da lista provisional de admitidos/as para contratación de peóns para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña 2017.

Amado Sanchez, Clara María
Alvarez Marcote, Carmen Dolores
Andreu Izquierdo, Pablo
Cambeiro Antón, Manuel
Canosa Lema, Veronica
Canosa Lires, Manuel Angel
Cascallar Mouzo, Maria Francisca
Crespo Marcote, Juan Angel
Dominguez Caamaño, Alejandro
Dominguez Martinez, Juan Ramón
Dominguez Vázquez, Ramón Antonio
Fernández Abuelo, Maria
Fenández Alvarellos, Juan Ramón
Insua Bahamonde, Manuel
Insua Insua, Gonzalo
Lado Liñeiro, Ana Belén
Lago Blanco, Manuel
Lago Lorenzo, Juan Manuel
Lago Martinez, Carlos
Liñeiro Dominguez, Elvira
Liñeiro Marcote, Dulce Maria
López Canosa, Juan
López Estévez, Luis Fernando
Martinez Diaz, Laureano
Nemiña Antelo, Carmen Maria
Nemiña Canosa, Eva
Papín Rivas, José Santiago
Perez Rivas, Fernándo
Rabuñal Varela, Guadalupe

Riveiro Dominguez, Rafael
Riveiro López, Sonia
Sambade Pena, Tamara
Traba Martinez, Junquera

Bello Trillo, Fernando David	Non xustificar que cumpre algunha das situacións de exclusión laboral recollidas no apartado 5.F das bases
Gándara López, José Angel	Non xustificar que cumpre algunha das situacións de exclusión laboral recollidas no apartado 5.F das bases
Senlle Castrege, José Antonio	Non xustificar que cumpre algunha das situacións de exclusión laboral recollidas no apartado 5.F das bases

- **Concesión de permiso os días 8 e 9 de maio en favor de Gonzalo Pereira López.**
- **Nomeamento de M^a Alicia López Gil como axente TIC durante o período comprendido ata o 31 de decembro de 2017.**
- **Contratación con carácter eventual a María Rodríguez Fernández. durante o período comprendido entre o día 8 ao 12 de maio de 2017 como informadora xuvenil.**
- **Suspensión inmediata das obras de rehabilitación dunha chabola por parte de Francisco Traba Martínez nunha finca sita na Avenida da Coruña.**
- **Concesión de vacacións en favor de Jacobo Carlos Mariño Campos os días 19 ao 30 de xuño, e 4 ao 26 de setembro (ambos incluídos).**
- **Concesión de permiso a José Manuel Marcote Senlle os día 9 e 10 de maio por hospitalización de familiar de primeiro grao de consanguinidade.**
- **Aprobación da lista definitiva de admitidos/as ás prazas de peóns**

Amado Sanchez, Clara María
Alvarez Marcote, Carmen Dolores
Andreu Izquierdo, Pablo
Bello Trillo, Fernando David
Cambeiro Antón, Manuel
Canosa Lema, Veronica
Canosa Lires, Manuel Angel
Cascallar Mouzo, Maria Francisca
Crespo Marcote, Juan Angel
Dominguez Caamaño, Alejandro
Dominguez Martinez, Juan Ramón
Dominguez Vázquez, Ramón Antonio
Fernández Abuelo, Maria
Fenández Alvarellos, Juan Ramón
Insua Bahamonde, Manuel
Insua Insua, Gonzalo
Lado Liñeiro, Ana Belén
Lago Blanco, Manuel

Lago Lorenzo, Juan Manuel
Lago Martinez, Carlos
Liñeiro Dominguez, Elvira
Liñeiro Marcote, Dulce Maria
López Canosa, Juan
López Estévez, Luis Fernando
Martinez Diaz, Laureano
Nemiña Antelo, Carmen Maria
Nemiña Canosa, Eva
Papín Rivas, José Santiago
Perez Rivas, Fernándo
Rabuñal Varela, Guadalupe
Riveiro Dominguez, Rafael
Riveiro López, Sonia
Sambade Pena, Tamara
Traba Martinez, Junquera

EXCLUIDOS

Gándara López, José Angel
Senlle Castrege, José Antonio

- Aprobación da lista definitiva de candidatos ás prazas de oficial de 2ª.

Canosa Lires, Manuel Angel
Díaz Dominguez, Pedro Santiago
Insua Insua, Gonzalo
Riveiro Dominguez, Rafael

- Concesión de vacacións en favor de Amable Canosa Martínez durante o período comprendido entre o 17 de xullo ao 23 de agosto ambos inclusives.
- Contratación con carácter eventual a María Trillo Domínguez durante o período comprendido entre o 18 de maio ao 31 de xullo de 2017.
- Aprobación de bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual de dous técnicos de información turística á vista da subvención concedida pola Xunta de Galicia.
- Delegación de funcións en favor do Primeiro Tenente de Alcalde Xan Carlos Sar Oliveira os días 20 e 21 de maio de 2017.
- Aprobación de bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual de dous técnicos de información turística en base á subvención concedida pola Deputación provincial.
- Aprobación da solicitude de subvención para mantemento do Servizo de Normalización Lingüística por importe de 5.000 € á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Violeta Traba Castreje os días 31 de maio e 7 de xuño por asuntos particulares.

- Contratación con carácter eventual laboral durante o período comprendido entre o día 1 de xuño ao 31 de outubro de 2017 en favor de Pedro Santiago Díaz Domínguez e Rafael Riveiro Domínguez.

- Contratación con carácter eventual laboral en favor de

RAMÓN A. DOMINGUEZ VÁZQUEZ
CARMEN D. ALVAREZ MARCOTE
MANUEL CAMBEIRO ANTÓN
JUAN RAMON DOMINGUEZ MARTINEZ

- Autorización á Comisión do Buensuceso e Corpus de Fisterra para celebrar os festexos os días 3 e 4 de xuño de 2017 na praza AraSolis desta vila.

- Aprobación de vacacións en favor de José Antonio Gándara Lema durante o período comprendido entre o 6 de setembro ao 10 de outubro de 2017 (ambos incluídos).

- Aprobar o gasto por importe de 9.912,00 € en favor da empresa SENES CIT para executar o programa de campamento “Explora Fisterra”.

- Aprobar o gasto por importe de 2.970,00 € en favor da empresa SENES CIT para executar o programa de envellecemento activo para persoas maiores ano 2017.

- Aprobación da lista provisional de admitidos/as coa finalidade de contratación de persoal con destino ás oficinas de Turismo Expediente Clave TU900A/2017/5-1.

MANUEL CASAIS OUTES
MARIA SELENE TRILLO DIAZ
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ
ISMAEL SANTAMARIA GARCIA
ROSARIO CASTELO TOBA
YOLANDA CAMBEIRO LAGO
IRIA GARCIA SAR
MARIA VANESA CASAIS TRILLO
MELISA ESTEBAN GÓÑEZ
BREIXO MARTINS RODAL
MARCOS MONTEAGUDO FARIÑAS

- Aprobación da lista provisional de admitidos/as coa finalidade de contratación de persoal con destino ás oficinas de Turismo Expediente Clave 2017000004301.

MANUEL CASAIS OUTES
MARIA SELENE TRILLO DIAZ
ROSARIO CASTELO TOBA
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ
ISMAEL SANTAMARIA GARCIA
IRIA GARCIA SAR
MELISA ESTEBAN GOÑEZ
YOLANDA CAMBEIRO LAGO
ANTIA ROCHA CORREA
MARIA JESUS FERNANDEZ GARRIDO
CARLOTA SANTOS BAÑA
BREIXO MARTINS RODAL
FERNANDO CARBALLAL LOPEZ-VENTURA
VANESA PENA BRANTUAS
MARCOS MONTEAGUDO FARIÑA

- Aprobación de resolución de inspección por parte da Policía Local no local “The World Family” o día 2/06/2017 ás 12.30 horas.

- Aprobación de Bases do proceso selectivo para contratación de persoal para limpeza de praias 2017.

O Pleno dáse por enterado

7º.- Rogos e Preguntas.--

Sr. Traba Fernández do grupo popular

- Na acta do pleno anterior, na pregunta sobre quen determinou a validez dos votos emitidos por internert para a elección do nome da rúa Manuel Lago Pais que pretendemos substituir nesta corporación, reza textualmente : “ A Técnica de informática comprobaba se estaban ou non ben os documentos “, sen embargo a pregunta deste grupo foi “ Quen decidiu cales votos eran nulos e si existe informe xustificativo “. ¿ É certo que foi a técnica de informática do Concello de Fisterra quen determinou cales eran os votantes que había que anular e cales eran válidos para o computo da opinión cidadá

Alcalde

Si, eran os votos que entendía ela e que cumprían cos requisitos; non existe ningún informe.-

- Respecto a resposta do pleno anterior polo Sr. Concelleiro delegado de Mobilidade. Esta pregunta é mais clara ¿ Emitiu a Policía Local algún informe xustificativo dalgunha das 50 autorizacións para acceder pola rúa Real no período no que se atopa como peonil

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Non existe ningún informe xustificativo; a Policía Local determina a quen procede dar a autorización ou non.-

- Agora está establecida outra ocorrencia de que se pecha a rúa real a partires das 13:30 horas de Luns a venres. ¿ Que solución teñen prevista para os martes e venres que hai mercado e o aceso alternativo polo porto é imposible.-

Deixala aberta mentras se busca unha alternativa.-

¿Todas as terrazas da rúa Real contan con informe favorable de Patrimonio ¿ Tal e como se comentou no Pleno anterior.-

Alcalde

As concedidas da rúa Real todas elas como dixen teñen informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio.-

- ¿ Como se explica que o Concello de Fisterra estea a impor sancións por infracción de tráfico por estacionar na explanada do Faro e quen outorga as autorizacións segundo a resposta do pleno anterior sexa a Autoridade Portuaria da Coruña

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Se sanciona na explanada dentro do tramo propiedade municipal e fora do vial.-

Segundo informacións de prensa a Concellería de Cultura do Concello vai amenizar a nosa vila cunha programación de “ Blues “. Independentemente de que é indubidable que é unha actividade de promoción da nosa cultura, ademáis dos cabezudos. ¿canto lle vai costar ás arcas municipais.-

De principio está previsto entre 15.00,00 € e 22.000,00 €; de todas as formas o que se pretende é darlle outra dimensión, a idea xurdiu un pouco tarde, na Excma Diputación Provincial para conceder este tipo de subvencions os criterios para financiar este tipo de Festivais, é pola Tradición, por ser a primeira vez preténdese facer a metade planificándola para o ano que ven.-

Sra Teresa Fernández do grupo BNG

É Necesario apostar por este tipo de festivais e conseguir que segan para adelante obtendo unha maior axuda económica da Excma Deputación provincial.-

- Cando se ten previsto desbrozar a zona rural

Alcalde

Xa se empezaron as actuacións xa está bastante adiantadas, váise dar unha segunda man.-

- Hai uns meses nesta Corporación aprobábase unha partida para o arranxo do parque infantil de San Roque ¿ Que pasou con todo iso?

Está pendente de aprobación dun proxecto modificado por parte da Excmá Diputación provincial ó ter quedado deserta a licitación convocada no seu día; está previsto que irá o Pleno deste organismo provincial en xuño deste ano.-

- No pleno de Decembro contestouse a este grupo municipal que a rúa potiña xa estaba adxudicada e que as obras ían dar comezo en breves datas. Estamos en xuño e os veciños seguen a queixarse do estado. Teñen xa unha data de inicio

A Empresa adxudicataria comenza esta semana dado que o Proxecto foi modificado por terse revisado o saneamento e pluviais así como a obra civil do alumado público para instalalo que non estaba no mesmo.-

- Estase a redactar un novo convenio colectivo do persoal do Concello de Fisterra, é certo que se vai reducir o salario de algúns operarios.-

Non se vai a reducir, a través da Relación de Postos de Traballo (RPT) procederáse a racionalizar a actual taboá salarial.-

- Estes días temos oído alardear por membros do goberno municipal que se vai incrementar o servizo de correos polas necesidades derivadas do incremento de usuarios, mentres que o Concello pecha servizos municipais como o Albergue de Peregrinos En que data está previsto regularizar o normal funcionamento do albergue municipal con servizo tamén os fins de semana.-

Inda non recibimos proposta do Xacobeo relacionado co acordado plenario adoptado no seu día, pero o Albergue abre todos os días e o fin de semana aténdese con voluntarios.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

¿ Como está o estudo para conseguir de novo a categoría de Patrimonio Europeo

De momento está pendiente.-

Sr. Garcia Pouso, é necesario estar atentos para que o ano que ven consigamos dita categoría que é de importancia para Fisterra.-

Rogo se elabore un informe sobre a situación da recta da Anchoa en razóns de seguridade e pratexalo ante a Consellería do Medio Ambiente da Xunta de Galicia; dado que é necesario humanizar a zona, facendo un proxecto.-

Alcalde

O Proxecto xa está presentado por este goberno municipal nos Organismos Oficiais, o asunto ven de antigo e vence intentando desde fai moitos anos.-

Sendo ás 21 : 47 horas ausentáanse do Salón de Sesións por razóns de traballo, os Concelleiros/a Santiago Insua e Rocio Marcote.-

Enviouse aos Organismos Oficiais a Moción formulada por este grupo político e aprobada no Pleno anterior sobre a vía de alta capacidade desde Baio?

Alcalde.- Si

Levamos moitos anos sen saber sobre a construción do Centro de Saúde, polo que Rogo que se solicite ante a Consellería a posibilidade de que a Casa do Mar sexa cedida ao Concello para dita finalidade.

Alcalde.- A considero de moita necesidade pero a mellor vía é conseguir un solar onde se poida emprazar.-

Estáse promovendo o Camiño Xacobeo dende Brandomil a Muxia e corremos o resgo de que se produza un desvío do Camiño; Fisterra ten que liderar o tema e debe dar unha resposta, polo que sería necesario que os Concellos de Cee, Corcubión, Fisterra e Dumbria a través dos seus respectivos Pleno manifesten o Xacobeo que non se pode autorizar este tipo de ocorrencias, dado que a Ruta do Camiño Xacobeo é a que é, elaboremos polo tanto un texto para levar ao Pleno coa finalidade de que o Xacobeo nos deixe claro que non pode existir cambio de trazado do Camiño.-

Alcalde.- A posición deste Concello xa se manifestou na prensa, incluso sabendo que non é un Camiño Xacobeo senon unha Ruta; nos xa fixemos constar en numerosas ocasións a nosa preocupación e seguimos nel.-

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión polo Sr. **Alcalde-Presidente** sendo ás 21:56 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.